



CONCERTO DE A BANDA DA LOBA LOVISMO

VENRES 29 DE AGOSTO DE 2025 - 22:00 HORAS
AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA) organiza o concerto **LOVISMO**, a cargo do grupo **A BANDA DA LOBA**. Esta é financiada e patrocinada pola **ÁREA DE CULTURA-VICEPRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN DE LUGO**, e conta coa colaboración do **CONCELLO DE VILALBA** e de **SEISPÉS PRODUCCIÓN**.

O concerto terá lugar o **VENRES 29 DE AGOSTO DE 2025, ÁS 22:00 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**, e forma parte das actividades que o **IESCHA** programou co gallo das **FESTAS DE VILALBA** do presente ano.



A BANDA DA LOBA

Andrea, Estela, Iria, Marcela e Xiana forman *A Banda da Loba*. Despois de «Bailando as rúas», «Fábrica de luz», «Hasme oír» e «Xabón Lagarta», en 2025 chega «Lovismo».

O amor non foi nunca un tema especialmente tratado por elas, pero tras esta última etapa na que estivo tan presente nas súas vidas por diversos motivos, decidiron explorar e falar sobre el e as súas múltiples formas e expresións.

Lovismo é unha declaración de amor. Un fío vermello que nos une dende o corazón.
Lovismo é un canto polos amores que son e os que non chegan a ser.
Unha aperta ás amigas que aparecen e ás que permanecen.
Un aloumiño ás lobiñas que nacen no cubil.
Un recoñecernos na man que compartimos para transitar este camiño.
Un espazo no que agroma o desexo, dende a liberdade, o tempo da seducción.
Lovismo é querernos ben. Un bico na meixela cando chove e cando o sol pecha as pálpebras.
Lovismo é o que queremos.

#Lovismo é amor e transformación. E ti, convérteste en Loba?

(Texto recollido en <https://seispes.com/musica/a-banda-da-loba>)

A ENTRADA É DE BALDE, PERO HABERÁ QUE FACER RESERVA DE LOCALIDADE EN www.entradas.vilalba.es